



DATOS IDENTIFICATIVOS

Discurso oral do primeiro idioma estranxeiro: Inglés

Materia	Discurso oral do primeiro idioma estranxeiro: Inglés			
Código	V01G180V01901			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua de impartición	Inglés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Rama Martínez, María Esperanza			
Profesorado	Rama Martínez, María Esperanza			
Correo-e	erama@uvigo.es			
Web	http://http://faitic.uvigo.es/			
Descrición xeral	Introdución ao estudo do discurso oral do primeiro idioma estranxeiro (inglés). Coñecemento dos fundamentos teóricos do estudo do discurso oral e introdución ás ferramentas metodolóxicas necesarias para analizar o discurso oral tanto a nivel entoativo como funcional-estrutural e interaccional.			

Competencias

Código	
A1	Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Fomentar e mellorar a capacidade de comunicación nas linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais coas/os falantes das devanditas linguas, desenvolvendo as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural, incluíndo a defensa dos dereitos fundamentais, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz.
B3	Adquirir os fundamentos teóricos e aplicados que ofrece a lingüística nos principais paradigmas do estudo e descrición das linguas, así como sintetizar, relacionar e describir as literaturas da primeira lingua estranxeira provenientes de distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos.
B4	Adquirir as ferramentas e técnicas metodolóxicas básicas para o estudo e a análise lingüística e literaria.
B5	Adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos lingüísticos e literarios.
B6	Construír argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos, facendo uso dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente os orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.
B7	Participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural dos países das diversas linguas estranxeiras, de defensa de dereitos fundamentais, de principios de igualdade e de valores democráticos.

B8	Formular razoamentos críticos a respecto dos campos de estudo lingüístico e literario que conduzan á adquisición dun método sólido de análise lingüística e literaria para alén da mera aproximación subxectiva e intuitiva ás linguas e textos obxecto de estudo.
B9	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais nas diversas linguas estranxeiras, formulando hipóteses, utilizando unha metodoloxía apropiada para transmitir ideas de xeito eficaz e válido, seguindo as convencións académicas e empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos.
B10	Mostrar coñecemento sobre outras culturas e expresións artísticas e ser competente para sensibilizar as persoas do entorno na apreciación da diversidade, interculturalidade e multiculturalidade. Así mesmo, explorar as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao.
B11	Visibilizar e valorar as contribucións feitas polas mulleres á literatura e á cultura producida no primeiro idioma estranxeiro nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais. De igual modo, identificar os mecanismos de exclusión e discriminación das mulleres na linguaxe e adquirir formación no uso de linguaxe inclusiva.
B12	Ser competente para utilizar as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación.
B13	Ampliar o interese polas linguas, a literatura, a cultura, e pola lingüística teórica e aplicada.
C117	Adquirir fundamentos teóricos da pragmática, semántica e da análise do discurso oral nas principais paradigmas de explicación lingüística.
C118	Identificar, entender e describir as unidades de análise semántico, pragmático e do discurso oral das mínimas ás máis complexas.
C119	Dominar as técnicas e métodos de análises tanto semántico, pragmático como do discurso oral.
C120	Deducir regras e características propias a cada texto a nivel semántico, pragmático e do discurso oral.
C122	Reflexionar sobre a organización e estruturación do discurso oral tanto a nivel entonativo como interaccional.
C123	Perfeccionar a expresión da oralidade a nivel entonativo.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
1. Adquisición dos principios teóricos da semántica, a pragmática e a análise do discurso oral.	A1 A2	B3 B5 B13	C117
2. Adquisición das técnicas e métodos de análise semántica, pragmática e do discurso oral.	A1 A2 A5	B4 B13	C119
3. Capacidade de analizar textos a nivel semántico, pragmático e do discurso oral dende as unidades mínimas ata as máis complexas.	A2 A3 A5	B5 B6 B7 B8 B9 B13	C118 C119 C120
4. Capacidade para reflexionar sobre o significado en contexto e sobre a organización e estruturación da entoación e da interacción oral.	A1 A2 A3 A4 A5	B7 B8 B9 B10 B11	C120 C122
5. Perfeccionamento da oralidade a nivel entoativo.	A2 A5	B1 B13	C123
6. Desenvolvemento dos hábitos de manexo de recursos bibliográficos e electrónicos pertinentes para a investigación lingüística.	A2 A5	B12 B13	C117 C119

Contidos

Tema	
1. The nature of spoken discourse	Speech vs. writing
2. Prosody: the intonation systems	2.1. Tonality 2.2. Tonicity 2.3. Tones
3. The discourse hierarchy	3.1. Structure of interaction: act, move, exchange, transaction 3.2. Application and improvements of the original descriptive classroom framework to ordinary conversation and other dialogic situations
4. Taking turns in ordinary conversations	4.1. Introduction to Conversation Analysis 4.2. Spoken discourse transcription conventions 4.3. The turn-taking system
5. Sequence organisation in ordinary conversations	5.1. Adjacency pair 5.2. Types of expansions 5.3. Preference 5.4. Repair

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Lección maxistral	20	22	42
Resolución de problemas	15	20	35
Prácticas de laboratorio	4	3	7
Prácticas autónomas a través de TIC	0	4	4
Tutoría en grupo	2	4	6
Outros	0	0	0
Traballo tutelado	8	24	32
Exame de preguntas obxectivas	2	21	23

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto co alumnado, así como a presentar a materia (obxectivos, contidos e sistema de avaliación).
Lección maxistral	Exposición por parte da profesora dos contidos teóricos da materia seguindo o temario.
Resolución de problemas	Resolución de exercicios prácticos dos sistemas entoativos e de análise do discurso oral e/ou actividades autónomas ou en pequenos grupos baseadas nos contidos teóricos da materia explicados previamente.
Prácticas de laboratorio	Prácticas do nivel entoativo do discurso oral tanto a nivel de discriminación auditiva coma de produción oral.
Prácticas autónomas a través de TIC	Desenvolvemento de forma autónoma a través das TIC de exercicios/problemas ou outras actividades de aplicación da teoría ao nivel práctico.
Tutoría en grupo	Orientación xeral para a resolución de actividades/problemas/exercicios e a realización de traballos individuais ou en parellas, revisión de conceptos, resolución de dúbidas, explicación de cuestións de carácter metodolóxico, etc., é dicir, asesoramento sobre as actividades e contidos da materia e do proceso de aprendizaxe.
Outros	Observación sistemática sobre a participación e implicación do alumnado nas sesións presenciais: atención, comentarios e preguntas ao fío das explicacións e realización das actividades encomendadas.
Traballo tutelado	Realización de traballos individuais ou en parellas supervisados e presentación oral dos mesmos na aula.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	Para un óptimo seguimento e aproveitamento da materia, o alumnado contará con atención personalizada en modalidade presencial (no despacho da profesora durante o horario de tutorías) e en modalidade virtual (a través das ferramentas que ofrece a plataforma Faitic de teledocencia e o correo electrónico). Esta atención personalizada estará encamiñada a atender as necesidades e consultas do alumnado relacionadas coa resolución de problemas e/ou exercicios, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.
Traballo tutelado	O alumnado contará con atención personalizada por parte da profesora en modalidade presencial (no despacho durante o horario de tutorías) e en modalidade virtual (a través das ferramentas que ofrece a plataforma Faitic e o correo electrónico). Esta atención personalizada estará encamiñada a orientar ao alumnado na planificación e elaboración do traballo escrito e a súa posterior presentación oral.

Avaliación		Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
	Descrición		
Resolución de problemas	Resolución de actividades/exercicios/problemas que a profesora solicite realizar dentro ou fóra da aula e mande entregar, con ou sen previo aviso, así como grao de desenvolvemento das actividades autónomas nas TIC.	15	A1 B3 C117 A2 B4 C118 A3 B5 C119 A4 B6 C120 A5 B8 C122 B10 C123 B12 B13

Outros	Participación e implicación do alumnado nas sesións presenciais: atención, comentarios e preguntas ao fío das explicacións e realización das actividades encomendadas. A profesora recompilará esta información por medio de observación sistemática nas sesións presenciais.	10	A1 A3 A4	B1 B3 B4 B6 B7 B8 B10 B11 B13	C118 C119 C120 C122 C123
Traballo tutelado	Realización fóra da aula dun traballo individual ou en parellas supervisado e presentación oral do mesmo na aula.	25	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B3 B4 B5 B6 B8 B9 B10 B11 B12 B13	C117 C118 C119 C120 C122
Exame de preguntas obxectivas	Dúas probas parciais sobre os contidos teóricos e prácticos da materia.	50	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B3 B4 B5 B6 B8	C117 C118 C119 C120 C122 C123

Outros comentarios sobre a Avaliación

(A) PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS (XANEIRO)

1a) Avaliación continua

Para a avaliación continua computarán os seguintes parámetros obrigatorios (entre parénteses figuran as porcentaxes equivalentes da cualificación final):

- (1) Participación activa nas sesións presenciais (ata 10%). Aínda que non existe obriga de presencialidade, valorarase positivamente a asistencia ás sesións presenciais.
- (2) Dúas probas parciais (50%), que puntuarán un 25% cada unha, sobre os contidos teóricos e prácticos da materia, incluíndo as lecturas obrigatorias. A primeira abarcará os 3 primeiros temas e terá lugar na sesión teórica da semana inmediatamente posterior á finalización do tema 3; a segunda proba terá lugar no día, hora e lugar establecidos no calendario de exames aprobado en Xunta de Facultade e abarcará os restantes temas. As datas das probas serán lembradas a través da plataforma Faitic e na aula coa debida antelación.
- (3) Actividades puntuais (15%): resolución de exercicios, problemas ou actividades que a profesora solicite realizar dentro ou fóra da aula e mande entregar, con ou sen previo aviso, así como grao de desenvolvemento das actividades autónomas nas TIC. A non entrega dunha actividade en tempo e forma puntuará como cero.
- (4) Un traballo escrito coa súa correspondente presentación oral (25%). Poderá ser un traballo individual ou en parellas, segundo anuncie a profesora. A data será acordada coa profesora coa debida antelación.

É requisito para superar a avaliación continua acadar unha nota de alomenos 4/10 en cada unhas das dúas probas parciais. Excepcionalmente admitirase unha nota máis baixa de 4 nunha das probas se a/o alumna/o acada unha nota alta na outra proba que a compense. De non cumprirse este requisito, non se aprobará a materia aínda que a nota media dos catro parámetros sexa 5 ou superior.

1b) Avaliación única

O alumnado que non poida seguir a avaliación continua deberá comunicarllo á profesora nos 15 primeiros días do curso. Estas/es alumnas/os serán avaliados en base a un único exame final que computará coma o 100% da cualificación. O exame abarcará todos os contidos explicados ao longo do primeiro cuadrimestre, incluíndo as lecturas obrigatorias. A celebración do exame único terá lugar na data oficial do exame aprobada en Xunta de Facultade. A data e hora serán recordadas a través da plataforma Faitic coa debida antelación.

(B) SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS (XUÑO/XULLO)

O alumnado que non supere a avaliación na primeira edición de actas deberá presentarse á segunda edición de actas de

xuño/xullo, na que será avaliado do programa completo en base a un único exame final. O devandito exame abarcará todos os contidos do programa, incluíndo as lecturas obrigatorias, e computará como o 100% da cualificación. O exame terá lugar na data oficial aprobada en Xunta de Facultade.

N.B.: En caso de calquera tipo de plaxio a cualificación final será de suspenso. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá ao/á alumno/a da súa responsabilidade neste aspecto.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Teacher, **2018-19 course materials**, Faitic Tema,

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Significado e discurso do primeiro idioma estranxeiro: Inglés/V01G180V01606

Outros comentarios

Para a resolución de exercicios e outras actividades prácticas é imprescindible ter feito as lecturas obrigatorias correspondentes, así como ter revisado os apuntamentos das clases maxistras.

Recoméndase a consulta regular da plataforma Faitic, xa que a través dela a profesora fará anuncios e porá a disposición do alumnado materiais necesarios para un óptimo aproveitamento das sesións presenciais.

Competencias previas desexables:

- Bo coñecemento da lingua inglesa.
- Uso dos diferentes recursos que ofrece a Biblioteca.
- Manexo básico de ferramentas informáticas e internet.

Durante as clases, o alumnado non poderá utilizar dispositivos móbiles (iPhone, tableta, PDA ou similares) nin computadores, a non ser que a docente permita ou requira a utilización destes dispositivos con algunha finalidade pedagóxica.

Cómpre lembrar ao alumnado que debe respectar os dereitos de copyright, tanto dos libros utilizados como apoio á docencia coma dos materiais orixinais elaborados e facilitados pola docente na aula ou a través da plataforma de apoio á docencia.

A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de actividade ou exame suporá un cero nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá ao/á alumno/a da súa responsabilidade neste aspecto.
